**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA ONCE DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a **11 de marzo de 2019.** Baixo a Presidencia do **Excmo. señor alcalde-presidente D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** e coa asistencia das e dos edís **Dª María Rocío Fraga Sáenz, D. Xiao Varela Gómez, Dª Silvia Cameán Calvete, D. José Manuel Sande García, Dª María Eugenia Vieito Blanco, D. Alberto Lema Suárez, Dª Claudia Delso Carreira, D. Daniel Díaz Grandío, Dª María García Gómez, Dª Rosa María Gallego Neira, D. Miguel Lorenzo Torres, Dª María Begoña Freire Vázquez, D. Roberto Luis Coira Andrade, Dª Mariel Padín Fernández, Dª María Luisa Cid Castro, Dª Susana Pazo Meijide, D. Enrique Luis de Salvador Sánchez, D. Emilio Tapia Fidalgo, Dª Eudoxia María Neira Fernández, Dª Silvia Longueira Castro, D. José Manuel Dapena Varela, D. Fito Ferreiro Seoane, D. Antonio Pachón Moreno e Dª Avia Veira González**, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, atopándose ademais presente o **interventor xeral don Ángel David Murado Codesal.**

Xustifican a súa ausencia o concelleiro **don Martín Fernández Prado** e a concelleira dona **María Pilar Neira**

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA ONCE DE MARZO DE DOS MIL DIECINUEVE***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a **11 de marzo de 2019.** Bajo la Presidencia del **Excmo. Señor alcalde-presidente D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** y con la asistencia de las y los ediles **Dª María Rocío Fraga Sáenz, D. Xiao Varela Gómez, Dª Silvia Cameán Calvete, D. José Manuel Sande García, Dª María Eugenia Vieito Blanco, D. Alberto Lema Suárez, Dª Claudia Delso Carreira, D. Daniel Díaz Grandío, Dª María García Gómez, Dª Rosa María Gallego Neira, D. Miguel Lorenzo Torres, Dª María Begoña Freire Vázquez, D. Roberto Luis Coira Andrade, Dª Mariel Padín Fernández, Dª María Luisa Cid Castro, Dª Susana Pazo Meijide, D. Enrique Luis de Salvador Sánchez, D. Emilio Tapia Fidalgo, Dª Eudoxia María Neira Fernández, Dª Silvia Longueira Castro, D. José Manuel Dapena Varela, D. Fito Ferreiro Seoane, D. Antonio Pachón Moreno y Dª Avia Veira González**, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general don Ángel David Murado Codesal.***

*Justifica su ausencia el concejal don **Martín Fernández Prado** y la concejala doña **María Pilar Neira Martínez**.*

**Martínez.**

Ás dezasete horas, pola Presidencia declárase aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*Siendo las diecisiete horas, por la Presidencia se declara abierta la sesión, pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

**I . PARTE RESOLUTIVA**

***I . PARTE RESOLUTIVA***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi boa tarde a todas e a todos, tanto os membros da Corporación municipal, os traballadores municipais e o público que hoxe nos acompaña. Imos dar comezo a esta sesión ordinaria do Pleno do Excelentísimo Concello da Coruña.

*Muy buenas tardes a todas y a todos, tanto a los miembros de la Corporación municipal, a los trabajadores municipales y al público que hoy nos acompaña. Vamos a dar comienzo a esta sesión ordinaria del Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña.*

**37.- Aprobación de actas**

***37.- Aprobación de actas***

Remitida a todos e cada un dos membros corporativos unha copia do borrador da acta da sesión plenaria ordinaria de 14 de xaneiro de 2019, esta dáse por lida e procédese á súa aprobación.

*Remitida a todos y cada uno de los miembros corporativos una copia del borrador del acta de la sesión plenaria ordinaria de 14 de enero de 2019, la misma se da por leída y se procede a su aprobación.*

**COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA**

***COMUNICACIONES DE LA ALCALDÍA***

**38.- Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista**

***38.- Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista***

Dando cumprimento á moción aprobada no seu momento por este Pleno relativa á violencia de xénero e dentro dese penoso costume de comezar cada Pleno gardando os minutos de silencio correspondentes ás vítimas de violencia machista dende o Pleno ordinario anterior, nesta ocasión gardaremos un minuto de silencio por cada unha das seguintes vítimas:

*Dando cumplimiento a la moción aprobada en su momento por este Pleno relativa a la violencia de género y dentro de esa penosa costumbre de comenzar cada Pleno guardando los minutos de silencio correspondientes a las víctimas de violencia machista desde el Pleno ordinario anterior, en esta ocasión guardaremos un minuto de silencio por cada una de las siguientes víctimas:*

**ASASINATOS MACHISTAS DESDE O PLENO DE 11.2.2019 AO PLENO DE 11.3.2019**

1. 21.2.2019. Nome e apelidos descoñecidos, 68 anos. Los Llanos de Aridane (Santa Cruz de Tenerife).

2. 21.2.2019. María Soledad Gómez, 66 anos. Madrid.

3. 1.3.2019. Nome e apelidos descoñecidos, 35-40 anos. Castellón de la Plana.

4. 8.3.2019. Estrella Domínguez Menéndez, 63 anos. Madrid.

5. 9.3.2019. Gloria Tornay Naranjo, 58 anos. Estepona (Málaga).

6. 10.3.2019. María Jesús Aboy, 43 anos. Valga (Pontevedra).

Gárdanse, en consecuencia, seis minutos de silencio.

**39.- Declaración institucional do Pleno "A Coruña Global no mundo do século XXI"**

**Asunto:** aprobación do documento denominado Declaración institucional do Pleno "A Coruña Global no mundo do século XXI"

**<u>Presidencia</u>**

O pasado 1 de febreiro de 2018 entrou en vigor a Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) impulsada pola Xunta de Galicia, froito do Decreto 178/2015 de 26 de novembro, que regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 29/2017 de 9 de

***ASESINATOS MACHISTAS DESDE EL PLENO DE 11.2.2019 AL PLENO DE 11.3.2019***

*1. 21.2.2019. Nombre y apellidos desconocidos, 68 años. Los Llanos de Aridane (Santa Cruz de Tenerife).*

*2. 21.2.2019. María Soledad Gómez, 66 años. Madrid.*

*3. 1.3.2019. Nombre y apellidos desconocidos, 35-40 años. Castellón de la Plana.*

*4. 8.3.2019. Estrella Domínguez Menéndez, 63 años. Madrid.*

*5. 9.3.2019. Gloria Tornay Naranjo, 58 años. Estepona (Málaga).*

*6. 10.3.2019. María Jesús Aboy, 43 años. Valga (Pontevedra).*

*Se guardan, en consecuencia, seis minutos de silencio.*

***39.- Declaración institucional del Pleno "A Coruña Global en el mundo del siglo XXI"***

***Asunto:** aprobación del documento denominado Declaración institucional del Pleno "A Coruña Global en el mundo del siglo XXI"*

***<u>Presidencia</u>***

*El pasado 1 de febrero de 2018 entró en vigor la Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) impulsada por la Xunta de Galicia, fruto del Decreto 178/2015 de 26 de noviembre, que regula la acción exterior de la Comunidad Autónoma de Galicia y del Decreto 29/2017 de 9 de*

marzo de cooperación para o desenvolvemento. Ambas as dúas normas veñen a regular unha nova arquitectura para as cidades e administración local como suxeitos da acción exterior galega, que anima de maneira explícita á colaboración entre as distintas institucións na procura de maior coherencia e impacto no mundo do século XXI. O novo marco xurídico galego establécese en consonancia co definido polo Estado a través da Lei 2/2014, de 25 de marzo, de acción exterior e do servizo exterior do Estado e da Lei 25/2014, de 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, perfilando as posibilidades organizativas para a modernización institucional da administración local nos tempos da globalización, logo de anos de inflación de actividades que conectan o municipalismo co eido internacional sen un marco definido de actuación.

*marzo de cooperación para el desarrollo. Ambas normas vienen a regular una nueva arquitectura para las ciudades y administración local como sujetos de la acción exterior gallega, que anima de manera explícita a la colaboración entre las distintas instituciones en la búsqueda de mayor coherencia e impacto en el mundo del siglo XXI. El nuevo marco jurídico gallego se establece en consonancia con el definido por el Estado a través de la Ley 2/2014, de 25 de marzo, de acción exterior y del servicio exterior del Estado y de la Ley 25/2014, de 27 de noviembre, de tratados y otros acuerdos internacionales, perfilando las posibilidades organizativas para la modernización institucional de la administración local en los tiempos de la globalización, después de años de inflación de actividades que conectan el municipalismo con el ámbito internacional sin un marco definido de actuación.*

A natureza dos municipios e do Goberno local mudou de maneira moi significativa nos últimos 50 anos, tamén na Coruña e en Galicia, o que trouxo innumerables cambios operativos para a vida urbana afectando o desenvolvemento local, o benestar das sociedades e as políticas públicas a impulsar dende os Concellos para ser coherentes, eficaces e eficientes. A nivel global, este cambio de paradigma no Goberno local vese producido pola acelerada urbanización, a descentralización ligada ás ondas de expansión demográfica e a multiplicación das interdependencias globais. No poder local galego este proceso acelérase coa incorporación de España á Unión Europea e a asunción da Carta da Autonomía Local.

*La naturaleza de los municipios y del Gobierno local cambió de manera muy significativa en los últimos 50 años, también en A Coruña y en Galicia, lo que trajo innumerables cambios operativos para la vida urbana afectando al desarrollo local, al bienestar de las sociedades y a las políticas públicas a impulsar desde los Ayuntamientos para ser coherentes, eficaces y eficientes. A nivel global, este cambio de paradigma en el Gobierno local se ve producido por la acelerada urbanización, la descentralización ligada a las oleadas de expansión demográfica y la multiplicación de las interdependencias globales. En el poder local gallego este proceso se acelera con la incorporación de España a la Unión Europea y la asunción de la Carta de la Autonomía Local.*

Estas mudanzas configuraron progresivamente as cidades actuais, como figuras concretas no marco histórico da globalización e no contexto da explosión das TICS, situándoas como centros de poder político, económico, cultural e simbólico. As estimacións indican que este proceso seguirá a aumentar exponencialmente durante o século XXI, concentrándose preto do 80% da poboación mundial no mundo urbano, a xulgar polas proxeccións feitas co horizonte 2050. Desta maneira, o propio proceso de urbanización e o rol central das cidades na gobernanza dos territorios serán características fundamentais nas próximas décadas.

*Estos cambios configuraron progresivamente las ciudades actuales, como figuras concretas en el marco histórico de la globalización y en el contexto de la explosión de las TICS, situándolas como centros de poder político, económico, cultural y simbólico. Las estimaciones indican que este proceso seguirá aumentando exponencialmente durante el siglo XXI, concentrándose cerca del 80% de la población mundial en el mundo urbano, a juzgar por las proyecciones hechas con el horizonte 2050. De esta manera, el propio proceso de urbanización y el rol central de las ciudades en la gobernanza de los territorios serán características fundamentales en las próximas décadas.*

As cidades dos nosos días desenvólvense neste novo contexto froito da súa capacidade de aglomeración e concentración de persoas, servizos, empresas, talento e conectividade global, xa sexa por medio de infraestruturas físicas e dixitais ou aínda máis importantes, as relacionais. Este novo escenario deu en impulsar a necesidade de crear ecosistemas urbanos que saiban poñer en valor a súa conectividade exterior, facéndoa coherente e promovendo unha imaxe de cidade atractiva, capacitada e competitiva.

*Las ciudades de nuestros días se desarrollan en este nuevo contexto fruto de su capacidad de aglomeración y concentración de personas, servicios, empresas, talento y conectividad global, ya sea por medio de infraestructuras físicas y digitales o aún más importantes, las relacionales. Este nuevo escenario impulsa la necesidad de crear ecosistemas urbanos que sepan poner en valor su conectividad exterior, haciéndola coherente y promoviendo una imagen de ciudad atractiva, capacitada y competitiva.*

Sendo as urbes intermedias o suxeito emerxente no noso contexto internacional e a nosa, unha cidade líder en Galicia, A Coruña conta con todas as particularidades económicas, sociais e culturais xunto a un perfil xeográfico e sociolóxico ben definido e atractivo para aproveitar as súas fortalezas a prol dun posicionamento internacional con retorno para a súa sociedade. A tradición histórica e aberta ao mundo dende o Atlántico pola súa posición xeográfica e xeopolítica, a súa

*Siendo las urbes intermedias el sujeto emergente en nuestro contexto internacional y la nuestra, una ciudad líder en Galicia, A Coruña cuenta con todas las particularidades económicas, sociales y culturales junto a un perfil geográfico y sociológico bien definido y atractivo para aprovechar sus fortalezas a favor de un posicionamiento internacional con retorno para su sociedad. La tradición histórica y abierta al mundo desde el Atlántico por su posición*

balanza comercial positiva, o desenvolvemento exponencial como cidade portuaria e loxística, as infraestruturas culturais e científicas, o aumento do número de visitantes e dinamismo turístico ou o proxecto de internacionalización da Universidade da Coruña dende unha aposta clara pola innovación, son oportunidades que cómpre estimular na procura de maior competitividade. Doutra banda, os efectos nocivos, as interferencias económicas, sociais ou ambientais do mundo global actual, deixan clara a necesidade de asumir a obrigatoriedade de capacitarse e organizarse na sociedade internacional aproveitando os propios recursos dispoñibles e dende o local.

*geográfica y geopolítica, su balanza comercial positiva, el desarrollo exponencial como ciudad portuaria y logística, las infraestructuras culturales y científicas, el aumento del número de visitantes y dinamismo turístico o el proyecto de internacionalización de la Universidad de A Coruña desde una apuesta clara por la innovación, son oportunidades que hace falta estimular en la búsqueda de mayor competitividad. Por otro lado, los efectos nocivos, las interferencias económicas, sociales o ambientales del mundo global actual, dejan clara la necesidad de asumir la obligatoriedad de capacitarse y organizarse en la sociedad internacional aprovechando los propios recursos disponibles y desde lo local.*

Así as cousas, no marco do estudo realizado polo Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) entre 2017 e 2018 para a elaboración das Bases de Acción Exterior da cidade da Coruña (BAEX) e no contexto inmediato do próximo Xacobeo 2021 e o novo ciclo de planificación na Unión Europea, esta declaración institucional quere manifestar a vontade da Corporación de institucionalizar a dimensión global do Concello, agregando e coordinando as actividades e programas que vinculan A Coruña co internacional, dotándoas dunha estratexia específica que promova un relato coral e coherente de cidade abarcando aspectos como: fondos europeos e captación de investimentos, irmandamentos, redes de cidades, promoción económica, turística, educativa, cultural ou cooperación internacional.

*Así las cosas, en el marco del estudio realizado por el Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) entre 2017 y 2018 para la elaboración de las Bases de Acción Exterior de la ciudad de A Coruña (BAEX) y en el contexto inmediato del próximo Xacobeo 2021 y el nuevo ciclo de planificación en la Unión Europea, esta declaración institucional quiere manifestar la voluntad de la Corporación de institucionalizar la dimensión global del Ayuntamiento, agregando y coordinando las actividades y programas que vinculan A Coruña con lo internacional, dotándolas de una estrategia específica que promueva un relato coral y coherente de ciudad abarcando aspectos como: fondos europeos y captación de inversiones, hermanamientos, redes de ciudades, promoción económica, turística, educativa, cultural o cooperación internacional.*

Todo este capital relacional debe artellarse

*Todo este capital relacional debe*

polo Concello como un plan de cidade, impulsando en colaboración e complicidade co conxunto dos axentes centrais da visibilidade internacional da cidade e a súa Área Metropolitana: institucións, empresas, tecido cultural, social, educativo e deportivo, etc.

*articularse por el Ayuntamiento como un plan de ciudad, impulsando en colaboración y complicidad con el conjunto de los agentes centrales de la visibilidad internacional de la ciudad y su Área Metropolitana: instituciones, empresas, tejido cultural, social, educativo y deportivo, etc.*

Con esta declaración institucional, por tanto, a Corporación municipal da Coruña acorda por unanimidade impulsar de xeito decidido a súa acción exterior e sumarse, en cooperación co Estado e a Xunta de Galicia, no contexto da EGAEX, ao compromiso universal da Axenda 2030 aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 2015.

*Con esta declaración institucional, por tanto, la Corporación municipal de A Coruña acuerda por unanimidad impulsar de manera decidida su acción exterior y sumarse, en cooperación con el Estado y la Xunta de Galicia, en el contexto de la EGAEX, al compromiso universal de la Agenda 2030 aprobada por la Asamblea General de las Naciones Unidas en el año 2015.*

Esta é a declaración institucional.

*Esta es la declaración institucional.*

**<u>Votación do asunto número dous</u>**

***<u>Votación del asunto número dos</u>***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG-AA) (1 voto).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG- AA) (1 voto).*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moi ben, pois queda aprobada por

*Muy bien, pues queda aprobada por*

unanimidade, moitas grazas.

*unanimidad, muchas gracias.*

**Acordo**

Aprobación do documento denominado: Declaración institucional do Pleno "A Coruña Global no mundo do século XXI".

***Acuerdo***

*Aprobación del documento denominado: Declaración institucional del Pleno "A Coruña Global en el mundo del siglo XXI".*

**ALCALDÍA**

***ALCALDÍA***

**40.- Toma de coñecemento do escrito do Grupo Municipal Popular sobre cambios de representación en determinadas comisións informativas do Pleno**

***40.- Toma de conocimiento del escrito del Grupo Municipal Popular sobre cambios de representación en determinadas comisiones informativas del Pleno***

**Asunto:** toma de coñecemento do escrito do Grupo Municipal Popular de 14 de febreiro e do decreto de 18 de febreiro de 2019 sobre cambios de representación do dito grupo en determinadas comisións informativas do Pleno

***Asunto:*** *toma de conocimiento del escrito del Grupo Municipal Popular de 14 de febrero y del decreto de 18 de febrero de 2019 sobre cambios de representación de dicho grupo en determinadas comisiones informativas del Pleno*

Tomar coñecemento, conforme ao previsto no artigo 78 c) do Regulamento Orgánico Municipal, do escrito do Grupo Municipal do Partido Popular de 14 de febreiro e do Decreto de 18 de febreiro de 2019 sobre cambios da representación de dito Grupo en determinadas comisións informativas do Pleno.

*Tomar conocimiento, conforme a lo previsto en el artículo 78 c) del Reglamento Orgánico Municipal, del escrito del Grupo Municipal del Partido Popular de 14 de febrero y del Decreto de 18 de febrero de 2019 sobre cambios de representación de dicho Grupo en determinadas comisiones informativas del Pleno.*

**FACENDA E ADMINISTRACIÓN**

***HACIENDA Y ADMINISTRACIÓN***

**IMCE**

***IMCE***

**41.- Aprobación da modificación do orzamento 2019 do IMCE**

***41.- Aprobación de la modificación del presupuesto 2019 del IMCE***

**Asunto:** aprobación da modificación do orzamento 2019 do IMCE, consistente en suplementar a aplicación 338/227.99 por importe de 950.000 €

***Asunto:*** *aprobación de la modificación del presupuesto 2019 del IMCE, consistente en suplementar la aplicación 338/227.99 por importe de 950.000 €*

**Este asunto foi ditaminado pola Comisión de Facenda e Administración de 6 de marzo de 2019, co voto a favor do Grupo Municipal de Marea Atlántica e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, PSOE e Mixto (BNG-AA), propoñendo o Pleno, como ditame da Comisión, a adopción do acordo seguinte:**

Aprobar o proxecto de modificación do orzamento do IMCE de 2019 consistente nun suplemento de crédito na aplicación 338/227.99, por importe de 950.000,00 €. O devandito suplemento financiarase con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, aparecendo, desta forma, o expediente nivelado.

**Presidencia**

O que se acordou esta mañá na Comisión de Voceiros é debater conxuntamente ambos puntos, o punto 4 e o punto 5, que despois, evidentemente, se van votar por separado.

**Os asuntos 4 e 5 trátanse conxuntamente pero someteranse a votación por separado.**

**O asunto 5 ten tres emendas presentadas polo Grupo Municipal Popular e unha polo Grupo Municipal Socialista.**

**Presidencia**

Ten a palabra a señora Vieito.

Señora Gallego...

**A señora Gallego Neira protesta por non ler as emendas no Pleno.**

***Este asunto fue dictaminado por la Comisión de Hacienda y Administración de 6 de marzo de 2019, con el voto a favor del Grupo Municipal de Marea Atlántica y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, PSOE y Mixto (BNG- AA), proponiendo al Pleno, como dictamen de la Comisión, la adopción del acuerdo siguiente:***

*Aprobar el proyecto de modificación del presupuesto del IMCE de 2019 consistente en un suplemento de crédito en la aplicación 338/227.99, por importe de 950.000,00 €. Dicho suplemento se financiará con remanente líquido de Tesorería para gastos generales, apareciendo, de esta forma, el expediente nivelado.*

***Presidencia***

*Lo que se acordó esta mañana en la Comisión de Portavoces es debatir conjuntamente ambos puntos, el punto 4 y el punto 5, que después, evidentemente, se van a votar por separado.*

***Los asuntos 4 y 5 se tratan conjuntamente pero se someterán a votación por separado.***

***El asunto 5 tiene tres enmiendas presentadas por el Grupo Municipal Popular y una por el Grupo Municipal Socialista.***

***Presidencia***

*Tiene la palabra a señora Vieito.*

*Señora Gallego...*

***La señora Gallego Neira protesta por no leer las enmiendas en el Pleno.***

**Señora Vieito Blanco**

En primeiro lugar boa tarde a todos...

**Presidencia**

Un momentiño, señora Vieito... (**Diríxese a continuación á señora Gallego Neira)** Non é necesario lelas, están presentadas por Rexistro por escrito, tampouco lemos o modificativo enteiro, non o fixemos nunca con asuntos plenarios. Non, eu creo que non é necesario ler as emendas, despois cada grupo pode referirse ás mesmas durante a súa intervención.

Señora Vieito.

**Señora Vieito Blanco**

En primeiro lugar boa tarde a todos e a todas, os aquí presentes hoxe e os que nos seguen, tamén, por "streaming". Boa tarde, tamén, a todos os veciños e veciñas que hoxe acoden o Pleno tamén para presenciar estes asuntos, principalmente, imaxino que o primeiro, o que se refire ao modificativo que hoxe traemos a este Pleno previo ditame favorable da Comisión de Facenda do 6 de marzo, onde se ditaminou a aprobación do expediente do modificativo M1/2019 sobre o Orzamento prorrogado actualmente en vigor por un importe global duns 14 millóns, unha vez rexeitado o Proxecto de Orzamentos presentado para 2019 no Pleno do día 11 de febreiro.

Como asunto anterior tamén se presenta un modificativo relativo ao IMCE no que se propón un suplemento de crédito por importe de 950.000 euros co cargo ao seu remanente líquido de Tesourería, xerado pola súa incorporación de remanentes, que

***Señora Vieito Blanco***

*En primer lugar, buenas tardes a todos…*

***Presidencia***

*Un momentito, señora Vieito... (**Se dirige a continuación a la señora Gallego Neira)** No es necesario leerlas, están presentadas por Registro por escrito, tampoco leemos el modificativo entero, no lo hicimos nunca con asuntos plenarios. No, yo creo que no es necesario leer las enmiendas, después cada grupo puede referirse a las mismas durante su intervención.*

*Señora Vieito.*

***Señora Vieito Blanco***

*En primer lugar buenas tardes a todos y a todas, a los aquí presentes hoy y los que nos siguen, también, en directo. Buenas tardes, también, a todos los vecinos y vecinas que hoy acuden al Pleno también para presenciar estos asuntos, principalmente, imagino que el primero, el que se refiere al modificativo que hoy traemos a este Pleno previo dictamen favorable de la Comisión de Hacienda de 6 de marzo, donde se dictaminó la aprobación del expediente del modificativo M1/2019 sobre el Presupuesto prorrogado actualmente en vigor por un importe global de unos 14 millones, una vez rechazado el Proyecto de Presupuestos presentado para 2019 en el Pleno del día 11 de febrero.*

*Como asunto anterior también se presenta un modificativo relativo al IMCE en el que se propone un suplemento de crédito por importe de 950.000 euros con cargo a su remanente líquido de Tesorería, generado por su incorporación de*

en 2018 ascendeu a máis dun millón e medio para paliar, precisamente, o axuste á baixa que se fixo no propio Orzamento prorrogado do IMCE.

*remanentes, que en 2018 ascendió a más de un millón y medio para paliar, precisamente, el ajuste a la baja que se hizo en el propio Presupuesto prorrogado del IMCE.*

O modificativo M1/2019 foi tramitado de forma urxente desde ese Pleno no que se tumbou o Proxecto de Orzamentos de 2019 e ten por finalidade cubrir os gastos obrigatorios que teñen prioridade e non están previstos no Orzamento prorrogado en vigor, de forma que se poidan atender as necesidades de persoal e as derivadas da solución do conflito xudicial relativo ao edificio Fenosa recuperando, ademais, os principais proxectos de investimentos, entre eles demandados historicamente polos barrios e tamén a totalidade dos convenios nominativos polas contías previstas no Proxecto de Orzamentos de 2019. Para isto houbo que facer un esforzo importante fronte á dificultade que supón buscar financiamento dentro dun Orzamento prorrogado con 30 millóns menos dos que tiña o Orzamento rexeitado polo Pleno, xa que as partidas de Investimentos non se prorrogan dun ano para outro.

*El modificativo M1/2019 fue tramitado de forma urgente desde ese Pleno en el que se tumbó el Proyecto de Presupuestos de 2019 y tiene por finalidad cubrir los gastos obligatorios que tienen prioridad y no están previstos en el Presupuesto prorrogado en vigor, de forma que se puedan atender las necesidades de personal y las derivadas de la solución del conflicto judicial relativo al edificio Fenosa recuperando, además, los principales proyectos de inversiones, entre ellos demandados históricamente por los barrios y también la totalidad de los convenios nominativos por las cuantías previstas en el Proyecto de Presupuestos de 2019. Para esto hubo que hacer un esfuerzo importante frente a la dificultad que supone buscar financiación dentro de un Presupuesto prorrogado con 30 millones menos de los que tenía el Presupuesto rechazado por el Pleno, ya que las partidas de Inversiones no se prorrogan de un año para otro.*

En canto ao contido deste modificativo, supón un global deses 14 millóns, que se financia a través de 5,9 millóns en baixas relativas a partidas do propio Orzamento prorrogado e, en base, tamén, a un incremento de estimación de ingresos en 2019 por importe global de 8 millóns; 6 millóns e medio correspóndense coa subscrición dun préstamo, que ten carácter excepcional nun orzamento prorrogado e un millón e medio en base aos ingresos adicionais previstos para 2019 derivados do arrendamento do hotel Atlántico, recadados grazas á revisión desta concesión realizada por este Goberno.

*En cuanto al contenido de este modificativo, supone un global de esos 14 millones, que se financia a través de 5,9 millones en bajas relativas a partidas del propio Presupuesto prorrogado y, en base, también, a un incremento de estimación de ingresos en 2019 por importe global de 8 millones; 6 millones y medio se corresponden con la suscripción de un préstamo, que tiene carácter excepcional en un presupuesto prorrogado y un millón y medio en base a los ingresos adicionales previstos para 2019 derivados del arrendamiento del hotel Atlántico, recaudados gracias a la*

*revisión de esta concesión realizada por este Gobierno.*

Entre as baixas máis significativas para financiar este modificativo destacan as relativas aos capítulos 9, da amortización de préstamos e capítulo 3, de intereses, por un importe 1.470.000 € e 145.000 € respectivamente, que é posible xa que o Orzamento de 2018 recollía unha carga financeira moito máis elevada da que é necesaria asumir para 2019.

*Entre las bajas más significativas para financiar este modificativo destacan las relativas a los capítulos 9, de la amortización de préstamos y capítulo 3, de intereses, por un importe 1.470.000 € y 145.000 € respectivamente, que es posible ya que el Presupuesto de 2018 recogía una carga financiera mucho más elevada de la que es necesaria asumir para 2019.*

Por outra parte tamén destaca a baixa dun millón de euros na aplicación de xestión de residuos de Medio Ambiente, xa que a xestión do 55% dos rexeites en Nostián deben ser asumidos pola concesionaria en base a un recurso gañado o ano pasado polo propio Concello.

*Por otra parte también destaca la baja de un millón de euros en la aplicación de gestión de residuos de Medio Ambiente, ya que la gestión del 55% de los rechazos en Nostián deben ser asumidos por la concesionaria en base a un recurso ganado el año pasado por el propio Ayuntamiento.*

Tamén outra baixa de crédito significativa é a relativa ao IMCE. Por iso tamén se presenta outro punto do modificativo para equilibrar o propio orzamento do IMCE xa que se reduce esa transferencia de Cultura ao IMCE para financiar o modificativo do Concello por importe de 640.500 €.

*También otra baja de crédito significativa es la relativa al IMCE. Por eso también se presenta otro punto del modificativo para equilibrar el propio presupuesto del IMCE ya que se reduce esa transferencia de Cultura al IMCE para financiar el modificativo del Ayuntamiento por importe de 640.500 €.*

Por outra parte o contido dos gastos a financiar. Son gastos obrigatorios que hai que asumir necesariamente en 2019 e 3,8 millóns se corresponden a gastos de persoal, entre eles, o incremento do 2,75% das retribucións do persoal do Concello, cuestión aprobada polo Goberno estatal, que supón 1,6 millóns. Por outra parte a cotización adicional á Seguridade Social derivada da xubilación anticipada da Policía Local, que ascende a 1.885.000 €. Por outra parte o incremento de horas extraordinarias da Policía Local, que ascende a 350.279 €. Por outra parte se ten que financiar tamén o aumento de gastos

*Por otra parte el contenido de los gastos a financiar. Son gastos obligatorios que hay que asumir necesariamente en 2019 y 3,8 millones se corresponden a gastos de personal, entre ellos, el incremento del 2,75% de las retribuciones del personal del Ayuntamiento, cuestión aprobada por el Gobierno estatal, que supone 1,6 millones. Por otra parte la cotización adicional a la Seguridad Social derivada de la jubilación anticipada de la Policía Local, que asciende a 1.885.000 €. Por otra parte el incremento de horas extraordinarias de la Policía Local, que asciende a 350.279 €. Por otra parte se*

derivados da Oferta de emprego público adicional de 2018 que se vai executar en 2019 por importe de 169.824 € así como novos trienios cumpridos polo persoal municipal en 2019 ou por incrementos relativos á cotización á Seguridade Social, que ascenden, no seu conxunto, a 358.191 €. Por outra parte tamén se engaden outras necesidades de persoal non previstas no Orzamento de 2018, como as relativas á contratación de beneficiarios de RISGA, orientadores laborais, así como gastos de estudos e medicións obrigatorios vinculados á prevención de riscos.

*tiene que financiar también el aumento de gastos derivados de la Oferta de empleo público adicional de 2018 que se va a ejecutar en 2019 por importe de 169.824 € así como nuevos trienios cumplidos por el personal municipal en 2019 o por incrementos relativos a la cotización a la Seguridad Social, que ascienden, en su conjunto, a 358.191 €. Por otra parte también se añaden otras necesidades de personal no previstas en el Presupuesto de 2018, como las relativas a la contratación de beneficiarios de RISGA, orientadores laborales, así como gastos de estudios y mediciones obligatorios vinculados a la prevención de riesgos.*

A este gasto obrigatorio, que ascende a 3,8 millóns, relativo a gastos de persoal, tamén se engade outro gasto obrigatorio, que é o pago da indemnización relativa ao acordo de mediación sobre a execución da sentenza do edificio Fenosa, en virtude do Auto notificado ao Concello o pasado 14 de febreiro, que establece, ademais, un prazo máximo de tres meses para realizar esta modificación e que ascende a un global de 2.975.000 €.

*A este gasto obligatorio, que asciende a 3,8 millones, relativo a gastos de personal, también se añade otro gasto obligatorio, que es el pago de la indemnización relativa al acuerdo de mediación sobre la ejecución de la sentencia del edificio Fenosa, en virtud del Auto notificado al Ayuntamiento el pasado 14 de febrero, que establece, además, un plazo máximo de tres meses para realizar esta modificación y que asciende a un global de 2.975.000 €.*

Por outra parte se financian, tamén, neste modificativo, os convenios nominativos previstos no Proxecto de Orzamentos de 2019 polas mesmas contías, polo que houbo, tamén, que suplementar os capítulos 4 e 7 por un importe de 2,9 millóns. Recupéranse, ademais, os Proxectos de Orzamentos de 2019 máis importantes e prioritarios financiados fundamentalmente con cargo a un préstamo que dentro dun Orzamento prorrogado se prevé de forma excepcional e que ascende a 6 millóns e medio. Entre eles se encontra o financiamento das achegas municipais á anualidade de 2019 dos proxectos incluídos no Programa

*Por otra parte se financian, también, en este modificativo, los convenios nominativos previstos en el Proyecto de Presupuestos de 2019 por las mismas cuantías, por lo que hubo, también, que suplementar los capítulos 4 y 7 por un importe de 2,9 millones. Se recuperan, además, los Proyectos de Presupuestos de 2019 más importantes y prioritarios financiados fundamentalmente con cargo a un préstamo que dentro de un Presupuesto prorrogado se prevé de forma excepcional y que asciende a 6 millones y medio. Entre ellos se encuentra la financiación de las aportaciones municipales a la anualidad de 2019 de los*

EIDUS, as achegas municipais correspondentes a 2019 para Áreas de Rehabilitación Integral, así como tamén as achegas municipais a obras financiadas con subvención en virtude do Protocolo asinado coa Deputación, entre elas a remodelación do cruce das rúas Ramón y Cajal e avenida do Exército ou a reforma do Centro de Planificación Familiar, así como tamén se financia a achega municipal para financiar xunto coas contribucións especiais proxectos de ampliación e mellora do Servizo de Extinción de Incendios. Tamén se inclúen as actuacións seleccionadas directamente pola cidadanía no proceso de orzamentos participativos para o ano 2019, tal e como se prevía tamén no Proxecto de Orzamentos de 2019.

*proyectos incluidos en el Programa EIDUS, las aportaciones municipales correspondientes a 2019 para Áreas de Rehabilitación Integral, así como también las aportaciones municipales a obras financiadas con subvención en virtud del Protocolo firmado con la Diputación, entre ellas la remodelación del cruce de las calles Ramón y Cajal y avenida del Ejército o la reforma del Centro de Planificación Familiar, así como también se financia la aportación municipal para financiar junto con las contribuciones especiales proyectos de ampliación y mejora del Servicio de Extinción de Incendios. También se incluyen las actuaciones seleccionadas directamente por la ciudadanía en el proceso de presupuestos participativos para el año 2019, tal y como se preveía también en el Proyecto de Presupuestos de 2019.*

**Ás dezasete horas e vinte e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.**

***A las diecisiete horas y veinticinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.***

Inclúese tamén a anualidade relativa á aportación económica de EMVSA para rematar a construción e equipamentos necesarios para a piscina do Castrillón, por importe de 2 millóns e tamén prevese e queda garantido o crédito necesario para levar a cabo a licitación da obra da eliminación do viaduto entre a Rolda de Nelle e a avenida de Finisterre, demandado historicamente por este barrio, cubríndose, polo tanto, para este ano, o gasto necesario para licitar e comezar a executar a obra con respecto á que se presentará xa o proxecto que estará finalizado en marzo.

*Se incluye también la anualidad relativa a la aportación económica de EMVSA para finalizar la construcción y equipamientos necesarios para la piscina del Castrillón, por importe de 2 millones y también se prevé y queda garantizado el crédito necesario para llevar a cabo la licitación de la obra de la eliminación del viaducto entre la Ronda de Nelle y la avenida de Finisterre, demandado históricamente por este barrio, cubriéndose, por tanto, para este año, el gasto necesario para licitar y comenzar a ejecutar la obra con respeto a la que se presentará ya el proyecto que estará finalizado en marzo.*

Os investimentos, o seu financiamento complétase, tamén, por outra parte, os relativos á reposición en edificios municipais, tamén as obras plurianuais

*Las inversiones, su financiación se completa, también, por otra parte, las relativas a la reposición en edificios municipales, también las obras*

previstas para mercados de Monte Alto e Santa Lucía e tamén se prevé un incremento na partida destinada a obras en colexios, por importe de 200.000 euros, que necesita ser ampliada en virtude das necesidades de mantemento de colexios previstos para este ano, tamén.

*plurianuales previstas para mercados de Monte Alto y Santa Lucía y también se prevé un incremento en la partida destinada a obras en colegios, por importe de 200.000 euros, que necesita ser ampliada en virtud de las necesidades de mantenimiento de colegios previstos para este año, también.*

A este expediente de modificativo se presentan tres emendas presentadas polo Grupo Municipal do PP e unha presentada polo PSOE que serán votadas previamente e de forma independente. Nada máis. Grazas.

*A este expediente de modificativo se presentan tres enmiendas presentadas por el Grupo Municipal del PP y una presentada por el PSOE que serán votadas previamente y de forma independiente. Nada más. Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi ben, moitas grazas, señora Vieito.

*Muy bien, muchas gracias, señora Vieito.*

Imos darlle un minuto á señora Veira para que se reincorpore e continuamos co debate.

*Vamos a dar un minuto a la señora Veira para que se reincorpore y continuamos con el debate.*

**A señora Veira González non está no Salón de Plenos no momento da súa intervención. O alcalde dálle uns minutos para que poida incorporarse e non alterar a orde nas quendas do debate.**

***La señora Veira González no está en el Salón de Plenos en el momento de su intervención. El alcalde le da unos minutos para que pueda incorporarse y no alterar el orden en los turnos del debate.***

**Ás dezasete horas e vinte e seis minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.**

***A las diecisiete horas y veintiséis minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi ben, pois ten a palabra a señora Veira.

*Muy bien, pues tiene la palabra la señora Veira.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Perdón por facelos esperar.

*Perdón por hacerlos esperar.*

En primeiro lugar quixera saudar os membros da Corporación, o funcionariado

*En primer lugar quisiera saludar a los miembros de la Corporación, al*

que nos acompaña, os profesionais e as profesionais do xornalismo que están hoxe aquí e tamén o público que nos acompaña.

*funcionariado que nos acompaña, a los profesionales y las profesionales del periodismo que están hoy aquí y también al público que nos acompaña.*

En primeiro lugar gustaríame comentar un pouco as emendas que se presentaron a este modificativo porque quixera facer unha valoración por orde cronolóxica.

*En primer lugar me gustaría comentar un poco las enmiendas que se presentaron a este modificativo porque quisiera hacer una valoración por orden cronológico.*

En primeiro lugar quixera comentar a emenda do Partido Popular. Presenta o venres o Partido Popular unha emenda, a última hora da mañá, ás dúas menos vinte da tarde, na que nos propón retirar a partida da Agència d'Ecologia Urbana de Barcelona con argumentos, por certo, curiosamente moi semellantes aos empregados por min para criticar a inclusión do convenio no Orzamento de 2019. Neste caso para darllo á FUCC, á Federación Unión de Comercios Coruñeses, por valor de 100.000 €, aínda que supoño que saberán que o convenio que demanda e que agarda esta entidade é de 125.000 € realmente e que o orzamento das súas actividades ascende, tamén, a esa cantidade.

*En primer lugar quisiera comentar la enmienda del Partido Popular. Presenta el viernes el Partido Popular una enmienda, a última hora de la mañana, a las dos menos veinte de la tarde, en la que nos propone retirar la partida de la Agència d' Ecologia Urbana de Barcelona con argumentos, por cierto, curiosamente muy semejantes a los empleados por mí para criticar la inclusión del convenio en el Presupuesto de 2019. En este caso para dárselo a la FUCC, a la Federación Unión de Comercios Coruñeses, por valor de 100.000 €, aunque supongo que sabrán que el convenio que demanda y que espera esta entidad es de 125.000 € realmente y que el presupuesto de sus actividades asciende, también, a esa cantidad.*

Establece unha serie de baixas no Orzamento para financiar unha reforma nos campos da Torre en base a un proxecto recollido nos IFS, nos Investimentos Financeiramente Sostíbeis, que finalmente non prosperaron o ano pasado por incumprirse o PMP. Un proxecto por valor de 1,002 millóns de euros, ao redor dun millón de euros. Un proxecto nos campos da Torre, como digo, e xa me parece a min estraño que non propoñan con ese millón de euros comezar co Coruña Arena, ese macrocomplexo que ten pensado construír Beatriz Mato en Penamoa, curiosamente unha zona afectada polo ámbito de intervención da

*Establece una serie de bajas en el Presupuesto para financiar una reforma en los campos de la Torre en base a un proyecto recogido en los IFS, en las Inversiones Financieramente Sostenibles, que finalmente no prosperaron el año pasado por incumplirse el PMP. Un proyecto por valor de 1,002 millones de euros, alrededor de un millón de euros. Un proyecto en los campos de la Torre, como digo, y ya me parece a mí extraño que no propongan con ese millón de euros comenzar con el Coruña Arena, ese macrocomplejo que ha pensado construir Beatriz Mato en Penamoa, curiosamente una zona afectada por el ámbito de*

Refinería onde se prohiben grandes equipamentos que supoñan concentracións de xente, que o propio Plan de Ordenación Municipal, o propio PXOM aprobado, por certo, polo Partido Popular, incorporou unha ficha onde se recollía que no Sub2, Penamoa, non se aconsella configurar un parque urbano nin habilitar a zona para uso terciario, dado que implica a presenza de persoas. A non ser que se espere que no Coruña Arena haxa robots, en principio non parece o lugar máis axeitado para establecer un complexo ou un macrocomplexo polideportivo. Non estaría de máis, señora Gallego, que a súa candidata e pretendida alcaldesa deixase de xogar coa ilusión das entidades deportivas da nosa cidade, xogar, nunca mellor dito, e empezar a entender que hoxe en día a información está ao borde dun clic.

*intervención de la Refinería donde se prohíben grandes equipamientos que supongan concentraciones de gente, que el propio Plan de Ordenación Municipal, el propio PGOM aprobado, por cierto, por el Partido Popular, incorporó una ficha donde se recogía que en el Sub2, Penamoa, no se aconseja configurar un parque urbano ni habilitar la zona para uso terciario, dado que implica la presencia de personas. A no ser que se espere que en el Coruña Arena haya robots, en principio no parece el lugar más adecuado para establecer un complejo o un macrocomplejo polideportivo. No estaría de más, señora Gallego, que su candidata y pretendida alcaldesa dejara de jugar con la ilusión de las entidades deportivas de nuestra ciudad, jugar, nunca mejor dicho, y empezar a entender que hoy en día la información está al borde de un clic.*

Realmente esta emenda non só non nos gusta, como digo, ou non é que non nos guste, é que non sabemos nin sequera os efectos que teñen as baixas que sinala o Partido Popular e así o di o propio interventor no seu informe, que sinala que, efectivamente, os servizos non puideron aínda ou non puideron informar de se as baixas que se establecen nesa emenda son baixas importantes, relevantes e que afectan a cuestións interesantes ou que sexan de relevancia para eses ditos servizos, non nos convencen esas baixas pola falta de información que temos porque son baixas a cegas e polo tanto nós non podemos apoiar esa emenda. Agora ben, tampouco estamos radicalmente en contra de que se renoven os campos da Torre, algunhas que somos usuarias accidentais deses campos da Torre sabemos que efectivamente teñen moitos déficits e así nolo ten tamén comunicado a Asociación de Fútbol Afeccionado da

*Realmente esta enmienda no solo no nos gusta, como digo, o no es que no nos guste, es que no sabemos ni siquiera los efectos que tienen las bajas que señala el Partido Popular y así lo dice el propio interventor en su informe, que señala que, efectivamente, los servicios no pudieron aún o no pudieron informar de si las bajas que se establecen en esa enmienda son bajas importantes, relevantes y que afectan a cuestiones interesantes o que sean de relevancia para dichos servicios, no nos convencen esas bajas por la falta de información que tenemos porque son bajas a ciegas y por lo tanto nosotros no podemos apoyar esa enmienda. Ahora bien, tampoco estamos radicalmente en contra de que se renueven los campos de la Torre, algunas que somos usuarias accidentales de esos campos de la Torre sabemos que efectivamente tienen muchos déficits y así nos lo tiene también comunicado la Asociación de Fútbol*

Coruña. Entón, bueno, evidentemente son necesarias as reformas dos campos da Torre, agora ben, non sei se nunha emenda que retira baixas que non coñecemos que efecto teñen é a mellor maneira de incluílo ou de impulsalo.

*Aficionado de A Coruña. Entonces, bueno, evidentemente son necesarias las reformas de los campos de la Torre, ahora bien, no sé si en una enmienda que retira bajas que no conocemos qué efecto tienen es la mejor manera de incluirlo o de impulsarlo.*

*- Instar al Gobierno español a que se vayan efectivizando de inmediato estas medidas en los Presupuestos Generales del Estado para el 2019, en paralelo a la aprobación, a la mayor brevedad posible, en un plazo máximo de 4 meses, de la regulación completa de un marco energético estable para la industria electrointensiva.*

- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposta sobre tarifa eléctrica para a industria electrointensiva anteriormente exposta e dar traslado do mesmo á Presidencia do Parlamento de Galiza, voceiros parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

*- Manifestar el apoyo de la Corporación Municipal a la propuesta sobre tarifa eléctrica para la industria electrointensiva anteriormente expuesta y dar traslado del mismo a la Presidencia del Parlamento de Galicia, portavoces parlamentarios y presidente de la Xunta de Galicia.*

**Segunda.- Moción sobre o edificio do Cárcere Provincial da Coruña**

***Segunda.- Moción sobre el edificio de la Cárcel Provincial de A Coruña***

**O Grupo Municipal de Marea Atlántica presenta unha emenda a esta moción.**

***El Grupo Municipal de Marea Atlántica presenta una enmienda a esta moción.***

**<u>Señora Veira González</u>**

***<u>Señora Veira González</u>***

O Grupo Municipal do BNG solicita, a iniciativa da súa portavoz do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos...

*El Grupo Municipal del BNG solicita, a iniciativa de su portavoz del Pleno de la Corporación municipal la adopción de los siguientes acuerdos...*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Un momento, dado como ten a voz, señora Veira, primeiro lle pregunto se vai aceptar a emenda presentada ou non, porque entón

*Un momento, dado como tiene la voz, señora Veira, primero le pregunto si va a aceptar la enmienda presentada o no,*

lle eximo da lectura pero se non...

*porque entonces le eximo de la lectura pero si no...*

**<u>Señora Veira González</u>**

***<u>Señora Veira González</u>***

Non, en principio non... pero porque acabamos de recibila neste momento e non hai posibilidade.

*No, en principio no... pero porque acabamos de recibirla en este momento y no hay posibilidad.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Ben, pois nada, proceda á lectura.

*Bien, pues nada, proceda a la lectura.*

**<u>Señora Veira González</u>**

***<u>Señora Veira González</u>***

Ben, como dicía:

*Bien, como decía:*

- Instar o Goberno municipal a facilitar os integrantes de Proxecto Cárcere, mantendo a seguridade necesaria, entrar nas instalacións do edificio do antigo Cárcere Provincial co obxecto de poder retirar todas aquelas súas pertenzas que aínda permanezan dentro do edificio.

*- Instar al Gobierno municipal a facilitar a los integrantes de Proyecto Cárcel, manteniendo la seguridad necesaria, entrar en las instalaciones del edificio de la antigua Cárcel Provincial con el objeto de poder retirar todas sus pertenencias que aún permanezcan dentro del edificio.*

- Instar o Goberno municipal a realizar as negociacións políticas necesarias coa Administración do Estado que posibiliten a transferencia á titularidade municipal do edificio do antigo Cárcere Provincial garantindo a restitución ao patrimonio público do Concello da Coruña das instalacións rehabilitadas e reformadas ou, no seu defecto, cos fondos necesarios para poder realizar estas obras de rehabilitación e reforma integral.

*- Instar al Gobierno municipal a realizar las negociaciones políticas necesarias con la Administración del Estado que posibiliten la transferencia a la titularidad municipal del edificio de la antigua Cárcel Provincial garantizando la restitución al patrimonio público del Ayuntamiento de A Coruña de las instalaciones rehabilitadas y reformadas o, en su defecto, con los fondos necesarios para poder realizar estas obras de rehabilitación y reforma integral.*

- Instar á Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios (SIEP) a que mentres non se realice esta cesión se realicen todas e cantas obras de mantemento e acondicionamento sexan necesarias para que non se sega a producir un deterioro progresivo das instalacións, velando e inspeccionando os servizos

*- Instar a la Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios (SIEP) a que mientras no se realice esta cesión se realicen todas y cuantas obras de mantenimiento y acondicionamiento sean necesarias para que no se siga produciendo un deterioro progresivo de las instalaciones, velando e*

municipais correspondentes porque estas actuacións se realicen, e actuar, de acordo as ordenanzas municipais e procedendo a abrir os expedientes sancionadores que procedesen, se estas non se producisen.

*inspeccionando los servicios municipales correspondientes porque estas actuaciones se realicen, y actuar, de acuerdo a las ordenanzas municipales y procediendo a abrir los expedientes sancionadores que procedieran, si estas no se produjesen.*

- Garantir, toda vez que as instalacións do antigo Cárcere Provincial sexan restituídas ao patrimonio municipal, que sexa habilitado para usos de carácter social e cultural aberto ao conxunto da veciñanza da Coruña, entre os que destacarían espazos destinados á mocidade e tamén á memoria histórica, especialmente vencellada coa historia do propio Cárcere.

*- Garantizar, toda vez que las instalaciones de la antigua Cárcel Provincial sean restituidas al patrimonio municipal, que sea habilitada para usos de carácter social y cultural abierta al conjunto de la vecindad de A Coruña, entre los que destacarían espacios destinados a la juventud y también a la memoria histórica, especialmente vinculada con la historia de la propia cárcel.*

**<u>Presidencia</u>**

Moi ben, moitas grazas, señora Veira. Hai, efectivamente, presentada unha emenda por parte do Grupo Municipal da Marea Atlántica. Se pode proceder a súa lectura, señora Delso?

***<u>Presidencia</u>***

*Muy bien, muchas gracias, señora Veira. Hay, efectivamente, presentada una enmienda por parte del Grupo Municipal de la Marea Atlántica. Si puede proceder su lectura, ¿señora Delso?*

**<u>Señora Delso Carreira</u>**

Si, basicamente sería eliminar o punto un e facer unha modificación moi leve de redacción no punto dous e que quedaría do seguinte modo:

Mostrar o apoio desta Corporación o Goberno municipal nas negociacións políticas abertas coa administración do Estado, que posibiliten a transferencia da titularidade municipal do edificio... o resto quedaría exactamente igual e xa lle expliquei por teléfono, señora Veira, a razón da eliminación do punto primeiro.

***<u>Señora Delso Carreira</u>***

*Sí, básicamente sería eliminar el punto uno y hacer una modificación muy leve de redacción en el punto dos y que quedaría del siguiente modo:*

*Mostrar el apoyo de esta Corporación al Gobierno municipal en las negociaciones políticas abiertas con la administración del Estado, que posibiliten la transferencia de la titularidad municipal del edificio... el resto quedaría exactamente igual y ya le expliqué por teléfono, señora Veira, la razón de la eliminación del punto primero.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Ben, en principio non acepta a moción, entendo, pode proceder á defensa da mesma.

*Bien, en principio no acepta la moción, entiendo, puede proceder a la defensa de la misma.*

**<u>Señora Veira González</u>**

***<u>Señora Veira González</u>***

Ben, a ver, señora Delso, tamén lle dixen por teléfono que tentaría falar porque esta moción non a sacamos da chisteira, vale? Foi falada con entidades e, en particular, con Proxecto Cárcere, polo tanto, eu creo que, ademais, o que propoñen na súa emenda, realmente, non é substancial ou polo menos así o vemos nós, que somos os que presentamos a moción:

*Bien, a ver, señora Delso, también le dije por teléfono que intentaría hablar porque esta moción no la sacamos de la chistera, ¿vale? Fue hablada con entidades y, en particular, con Proxecto Cárcere, por lo tanto, yo creo que, además, lo que proponen en su enmienda, realmente, no es sustancial o por lo menos así lo vemos nosotros, que somos los que presentamos la moción:*

Primeiro, porque instar o Goberno municipal a facilitar os integrantes do Proxecto Cárcere entrar nas instalacións...ben, como vostede dicía: estamos negociando coa SIEP para que entren e poidan retirar as súas... ben, iso non é contraditorio con este punto da moción, é dicir, continúen vostedes con esa negociación. A cuestión é que faciliten, dalgunha maneira, que entren no Cárcere para retirar todos os seus obxectos que alí están e as súas pertenzas, que aínda están dentro do edificio.

*Primero, porque instar al Gobierno municipal a facilitar a los integrantes de Proxecto Cárcere entrar en las instalaciones...bien, como usted decía: estamos negociando con la SIEP para que entren y puedan retirar sus... bien, eso no es contradictorio con este punto de la moción, es decir, continúen ustedes con esa negociación. La cuestión es que faciliten, de alguna manera, que entren en la Cárcel para retirar todos sus objetos que allí están y sus pertenencias, que aún están dentro del edificio.*

E, logo o segundo punto, que é instar o Goberno municipal a realizar as negociacións políticas coa administración do Estado...ben, señora Delso, vostede dime que están en negociación co Estado, foi o que me dixo por teléfono. Ben, eu non teño ningunha mostra fehaciente que me poida a min permitir retirar ou mudar esta moción. É dicir, eu non o coñezo, ata onde eu sei Proxecto Cárcere tampouco coñece desas negociacións. Paréceme que cando nós presentamos a moción, xa o venres, ás doce e media da tarde. Home!, pois non sei, podían ternos informados

*Y, luego el segundo punto, que es instar al Gobierno municipal a realizar las negociaciones políticas con la administración del Estado...bien, señora Delso, usted me dice que están en negociación con el Estado, fue lo que me dijo por teléfono. Bien, yo no tengo ninguna muestra fehaciente que me pueda a mí permitir retirar o mudar esta moción. Es decir, yo no lo conozco, hasta donde yo sé Proxecto Cárcere tampoco conoce de esas negociaciones. Me parece que cuando nosotros presentamos la moción, ya el viernes, a las doce y media de la*

dalgunha outra maneira desde aquel momento ata agora, dunha maneira, pois, como digo, máis fehaciente ou con algún tipo de proba de que realmente están facendo esas negociacións, e dígollo de verdade porque eu lembro que cando foi a súa imputación por este asunto, nun debate radiofónico, o señor Xiao Varela dixo que pouco menos que xa estaban a punto de asinar un novo convenio coa SIEP, unha prórroga do convenio coa SIEP e que realmente o diálogo era moi enriquecedor e que era moi positivo e que se ía prorrogar ese convenio sen absolutamente ningún problema. E, ás semanas seguintes encontrámonos con que vostedes din que non hai prórroga, que ten que, efectivamente, esta xente ten que saír do Cárcere, e que non se sabe o que vai pasar con ese edificio. Polo tanto, a súa variación neste asunto do novo convenio coa SIEP, como digo, foi variando nestes últimos meses, que falo de cuestións que están gravadas, que hai podcast por aí que o poden demostrar e realmente nós atémonos ao que son cuestións e feitos obxectivos de como está o estado da cuestión neste momento e é que o Cárcere está pechado...

*tarde. ¡Hombre!, pues no sé, podían tenernos informados de alguna otra manera desde aquel momento hasta ahora, de una manera, pues, como digo, más fehaciente o con algún tipo de prueba de que realmente están haciendo esas negociaciones, y se lo digo de verdad porque yo recuerdo que cuando fue su imputación por este asunto, en un debate radiofónico, el señor Xiao Varela dijo que poco menos que ya estaban a punto de firmar un nuevo convenio con la SIEP, una prórroga del convenio con la SIEP y que realmente el diálogo era muy enriquecedor y que era muy positivo y que se iba a prorrogar ese convenio sin absolutamente ningún problema. Y, a las semanas siguientes nos encontramos con que ustedes dicen que no hay prórroga, que tiene que, efectivamente, esta gente tiene que salir de la Cárcel, y que no se sabe lo que va a pasar con ese edificio. Por lo tanto, su variación en este asunto del nuevo convenio con la SIEP, como digo, fue variando en estos últimos meses, que hablo de cuestiones que están grabadas, que hay podcast por ahí que lo pueden demostrar y realmente nosotros nos atenemos a lo que son cuestiones y hechos objetivos de cómo está el estado de la cuestión en este momento y es que la Cárcel está cerrada...*

**Presidencia**

Vaia rematando, señora Veira, por favor.

***Presidencia***

*Vaya finalizando, señora Veira, por favor.*

**Señora Veira González**

...remato.. Proxecto Cárcere, que é unha entidade que realmente se deixou a alma e se deixou a vida en facer un proxecto para que ese edificio non caese e tivese unha utilidade pública e realmente, destes catro anos o que se levan é que o Cárecere está pechado, digo eu que algo de autocrítica

***Señora Veira González***

*...finalizo... Proxecto Cárcere, que es una entidad que realmente se dejó el alma y se dejó la vida en hacer un proyecto para que ese edificio no cayera y tuviera una utilidad pública y realmente, de estos cuatro años lo que se llevan es que la Cárcel está cerrada, digo yo que algo de*

hai que facer neste asunto e eu creo que vale a pena aprobar esta moción. Vale a pena negociar ese novo convenio, vale a pena que cambie de titularidade ese edificio pero que cando nos devolvan ese edificio os verdadeiros propietarios e responsábeis do seu mantemento, da súa rehabilitación nolo devolvan en condicións ou, cando menos, co financiamento suficiente para que ese edificio estea en condicións e se poida facer, cando menos, algo semellante ao que se está facendo co vello Cárcere...

*autocrítica hay que hacer en este asunto y yo creo que vale la pena aprobar esta moción. Vale la pena negociar ese nuevo convenio, vale la pena que cambie de titularidad ese edificio pero que cuando nos devuelvan ese edificio los verdaderos propietarios y responsables de su mantenimiento, de su rehabilitación nos la devuelvan en condiciones o, cuando menos, con la financiación suficiente para que ese edificio esté en condiciones y se pueda hacer, cuando menos, algo semejante a lo que se está haciendo con la vieja Cárcel...*

**Presidencia**

Remate xa, señora Veira, por favor.

***Presidencia***

*Finalice ya, señora Veira, por favor.*

**Señora Veira González**

...en Lugo, que eu creo que é un exemplo e non é precisamente un concello do BNG nin moito menos, é un concello do Partido Socialista. Creo que é un exemplo do que se pode facer cun cárcere rehabilitándoo e facendo un lugar digno da memoria histórica.

***Señora Veira González***

*...en Lugo, que yo creo que es un ejemplo y no es precisamente un ayuntamiento del BNG ni mucho menos, es un ayuntamiento del Partido Socialista. Creo que es un ejemplo de lo que se puede hacer con una cárcel rehabilitándola y haciendo un lugar digno de la memoria histórica.*

**Presidencia**

Moi ben, moitas grazas.

Señora Longueira.

***Presidencia***

*Muy bien, muchas gracias.*

*Señora Longueira.*

***Señora Longueira Castro***

*Moitas grazas.*

*Nós imos apoiar, por suposto, esta moción e lamentar unha vez máis que ese patrimonio que define non só a nosa cidade senón a súa área de influencia e tamén Galicia estea a perderse por unha inacción. Tamén cremos que catro anos son tempo máis que suficiente para*

**Señora Longueira Castro**

Muchas gracias.

Nosotros vamos a apoyar, por supuesto, esta moción y lamentar una vez más que ese patrimonio que define no solo nuestra ciudad sino su área de influencia y también Galicia se esté perdiendo por una inacción. También creemos que cuatro años son tiempo más que suficiente para

*chegar a unha solución, sobre todo cando xa, de antemán, xa desde o ano 2011 era un tema que iniciara un camiño, ben é verdade que logo foi interrompido a través do Partido Popular pero xa estaban aí as bases postas para poder efectuar esa recuperación e sobre todo o traballo, acertado ou non, de Proxecto Cárcere pero desde logo, unha asociación que apostou forte e que estivo, ademais, envolta, desafortunadamente en todo este proceso, ás veces non coas mellores das gabanzas. En calquera caso, dentro do Cárcere hoxe en día existe xa material que foi depositado e que foi traballado non só polos membros de Proxecto Cárcere senón por moitos cidadáns que se achegaron, non só a ver o lugar onde algúns naceran, onde outros visitaran os seus familiares e onde outros tiñan como referencia ese lugar para esquecer pero desde o noso punto de vista ese lugar para recuperar. Entón, hai moitísimos libros, algúns de certo valor, hai tamén fotografías e hai tamén elementos que foron, como dicía antes, depositados por moitos cidadáns desta cidade e ben, á parte de mobiliario e outro tipo de cuestións, e que consideramos que debe ser recuperado, gardado, en aras a que isto se solucione.*

*De verdade que eu creo que neste mandato co tema de Proxecto Cárcere perdeuse esa idea de relanzar a cidade a través de algo novo, de relanzar non só o que vimos defendendo moitas veces do Partido Socialista: os contidos e non os continentes. No caso de Proxecto Cárcere era e é o non deixar, parar a deterioración, o parar, simplemente o frear, ese tempo, deixar aí o seu paso do tempo pero frear que siga deteriorándose e alentar a que se siga gozando e dotar de contidos dunha forma consultiva, como*

haber llegado a una solución, sobre todo cuando ya, de antemano, ya desde el año 2011 era un tema que había iniciado un camino, bien es verdad que luego fue interrumpido a través del Partido Popular pero ya estaban ahí las bases puestas para poder efectuar esa recuperación y sobre todo el trabajo, acertado o no, de Proxecto Cárcere pero desde luego, una asociación que ha apostado fuerte y que ha estado, además, envuelta, desafortunadamente en todo este proceso, a veces no con las mejores de las alabanzas. En cualquier caso, dentro de la Cárcel hoy en día existe ya material que ha sido depositado y que ha sido trabajado no solo por los miembros de Proxecto Cárcere sino por muchos ciudadanos que se han acercado, no solo a ver el lugar donde algunos habían nacido, donde otros habían visitado a sus familiares y donde otros tenían como referencia ese lugar a olvidar pero desde nuestro punto de vista ese lugar a recuperar. Entonces, hay muchísimos libros, algunos de cierto valor, hay también fotografías y hay también elementos que han sido, como decía antes, depositados por muchos ciudadanos de esta ciudad y bueno, aparte de mobiliario y otro tipo de cuestiones, y que consideramos que debe ser recuperado, guardado, en aras a que esto se solucione.

De verdad que yo creo que en este mandato con el tema de Proxecto Cárcere se ha perdido esa idea de relanzar la ciudad a través de algo nuevo, de relanzar no solo lo que venimos defendiendo muchas veces del Partido Socialista: los contenidos y no los continentes. En el caso de Proxecto Cárcere era y es el no dejar, parar el deterioro, el parar, simplemente el frenar, ese tiempo, dejar ahí su paso del tiempo pero frenar que siga deteriorándose y alentar a que se siga disfrutando y dotar de contenidos de una

*estaba a ser agora a través de Proxecto Cárcere e toda a veciñanza. É unha mágoa que non callase, é unha mágoa que non houbese valentía para levalo adiante e non tiramos a toalla e esperamos que isto sexa recuperable desde o minuto cero a partir de xuño de 2019.*

**Presidencia**

Moi ben, moitas grazas.

Polo Grupo Popular, señora Gallego.

***Señora Gallego Neira***

*Si, moitas grazas, ben, evidentemente a emenda de Marea Atlántica non a imos apoiar, non entendemos por que non pode retirar Proxecto Cárcere as súas pertenzas. Xa sabemos que xa devolveron o Estado o edificio pero ben, falen coa Delegación do Goberno e que lles deixen as chaves, que entren a coller as súas cousas e que se marchen e xa está porque eu o que non podo entender, ben, evidentemente xa o primeiro punto, ese matiz de apoiar a negociación e a xestión do Cárcere por parte do Goberno municipal, xa case nos dá a risa, en fin...que recollan as súas cousas, como non van recollelas? Vostedes pasaron de formar parte da plataforma Proxecto Cárcere, de convocar un concurso con bases a medida, de contratar unhas obras que sabían que non se podían realizar e que o único que fixeron foi un lavado de cara de 100 metros para entregarlles as chaves, de deixarlles facer actividades, de deixarlles poñer unha rampla, deixarlles facer o que alí quixeron facer a, de súpeto tratalos xa case coma se fosen delincuentes, pecharlles a porta e decidir, da noite para a mañá, despois de anunciar que ían prorrogar ese convenio,*

forma consultiva, como estaba siendo ahora a través de Proxecto Cárcere y toda la vecindad. Es una lástima que no haya cuajado, es una lástima que no haya habido valentía para llevarlo adelante y no tiramos la toalla y esperamos que esto sea recuperable desde el minuto cero a partir de junio de 2019.

***Presidencia***

*Muy bien, muchas gracias.*

*Por el Grupo Popular, señora Gallego.*

**Señora Gallego Neira**

Sí, muchas gracias, bueno, evidentemente la enmienda de Marea Atlántica no la vamos a apoyar, no entendemos por qué no puede retirar Proxecto Cárcere sus pertenencias. Ya sabemos que ya han devuelto al Estado el edificio pero bueno, hablen con la Delegación del Gobierno y que les dejen las llaves, que entren a coger sus cosas y que se marchen y ya está porque yo lo que no puedo entender, bueno, evidentemente ya el primer punto, ese matiz de apoyar la negociación y la gestión de la Cárcel por parte del Gobierno municipal, ya casi nos da la risa, en fin...que recojan sus cosas, ¿cómo no van a recogerlas? Ustedes pasaron de formar parte de la plataforma Proxecto Cárcere, de convocar un concurso con bases a medida, de contratar unas obras que sabían que no se podían realizar y que lo único que hicieron fue un lavado de cara de 100 metros para entregarles las llaves, de dejarles hacer actividades, de dejarles poner una rampa, dejarles hacer lo que allí quisieron hacer a, de repente tratarlos ya casi como si fuesen delincuentes, cerrarles la puerta y decidir, de la noche a la mañana, después de haber anunciado que iban a prorrogar ese

*de súpeto, ben, temos logo unha pregunta oral, deciden que nin prorrogan o convenio. Pero veña, que, desde logo, Proxecto Cárcere o único que fixo é seguir os pasos que vostedes lles foron marcando. Fixeron o que lles deixaron facer. Fixeron actividades, dixémolo en cantidade de Plenos, dixémolo en mocións, en preguntas orais, en preguntas escritas....actividades, obras, todo o que vostedes lles deixaron facer e agora, de súpeto, pechan e pechan pola única razón que xa sabemos, porque Claudia agora mesmo está imputada e porque temen que, ben, cren que así van disimular todo o que pasou.*

convenio, de repente, bueno, tenemos luego una pregunta oral, deciden que ni prorrogan el convenio. Pero vamos, que, desde luego, Proxecto Cárcere lo único que ha hecho es seguir los pasos que ustedes les han ido marcando. Han hecho lo que les han dejado hacer. Han hecho actividades, lo dijimos en cantidad de Plenos, lo dijimos en mociones, en preguntas orales, en preguntas escritas....actividades, obras, todo lo que ustedes les han dejado hacer y ahora, de repente, cierran y cierran por la única razón que ya sabemos, porque Claudia ahora mismo está imputada y porque temen que, bueno, creen que así van a disimular todo lo que ha pasado.

*Miren, o Cárcere está agora no mesmo estado que en 2017 cando asinaron o convenio, exactamente igual, menos eses 100 metros e a min gustaríame dicirlle á señora Veira, porque eu imaxino que agora, xa falou a señora Longueira sobre a xestión do Partido Popular, pois lla vou contar eu: esa base que deixou o Partido Socialista foi un convenio asinado en 2005 polo que o Concello tiña que volver pagar por recuperar o Cárcere 1.200.000 euros e ademais cederlle o centro de inserción, o terreo onde está o centro de inserción ao Estado gratuitamente. Evidentemente, a ese convenio dixemos que non e recorrémolo. O Consello Consultivo deunos a razón e o Xulgado deunos a razón dicindo que tiña que reverter gratuitamente na cidade, agora que todo se pide gratis iso foi unha vergoña e encima saltándose todos os procedementos habidos e por haber.*

Miren, la Cárcel está ahora en el mismo estado que en 2017 cuando firmaron el convenio, exactamente igual, menos esos 100 metros y a mí me gustaría decirle a la señora Veira, porque yo me imagino que ahora, ya ha hablado la señora Longueira sobre la gestión del Partido Popular, pues se la voy a contar yo: esa base que dejó el Partido Socialista fue un convenio firmado en 2005 por el que el Ayuntamiento tenía que volver a pagar por recuperar la Cárcel 1.200.000 euros y además cederle el centro de inserción, el solar donde está el centro de inserción al Estado gratuitamente. Evidentemente, a ese convenio dijimos que no y lo recurrimos. El Consello Consultivo nos dio la razón y el Juzgado nos dio la razón diciendo que tenía que revertir gratuitamente en la ciudad, ahora que todo se pide gratis eso fue una vergüenza y encima saltándose todos los procedimientos habidos y por haber.

*Negámonos a pagar dúas veces pola mesma Cárcere e, mentres tanto, non se podía facer nada, o mesmo que vostedes non puideron facer nada alí, porque*

Nos negamos a pagar dos veces por la misma Cárcel y, mientras tanto, no se podía hacer nada, lo mismo que ustedes no pudieron hacer nada allí, porque

*200.000 euros para arranxar o Cárcere non chega nin para pipas e o señor Xiao Varela o outro día dixo que é que arranxar os muros e as cubertas soamente son 13 millóns de euros e iso ou o paga o Estado ou hai que esperar a recuperar o edificio porque non se pode facer. Pero non se pode facer agora nin se podía facer en 2017, pero claro, agora e veña, despois de levar dous anos advertindo e avisando e despois de denunciar no xulgado e de que haxa imputacións, collen e pechan o Cárcere pero o motivo é...*

200.000 euros para arreglar la Cárcel no llega ni para pipas y el señor Xiao Varela el otro día dijo que es que arreglar los muros y las cubiertas solamente son 13 millones de euros y eso o lo paga el Estado o hay que esperar a recuperar el edificio porque no se puede hacer. Pero no se puede hacer ahora ni se podía hacer en 2017, pero claro, ahora y venga, después de llevar dos años advirtiendo y avisando y después de denunciar en el juzgado y de que haya imputaciones, cogen y cierran la Cárcel pero el motivo es...

**Presidencia**

Vaia rematando, señora Gallego, por favor.

***Presidencia***

*Vaya finalizando, señora Gallego, por favor.*

***Señora Gallego Neira***

*...única e exclusivamente ese. Agora, non entendemos por que eliminan o punto un, vale? Non lles abran vostedes a porta, que non terán as chaves, ou si...eu non o sei, porque tamén puxeron seguridade unha tempada e volvérona a poñer cando pecharon. Ben, a xestión que fixeron a día de hoxe é, á parte de todo o que deixaron facer a Proxecto Cárcere a dedo, con respecto ao Estado a única xestión que fixeron é que o Estado deixou de pagar o IBI, que o Estado deixou de pagar o mantemento, que o Estado deixou de pagar a seguridade do Cárcere, o resto...esa é a súa xestión, un convenio totalmente lesivo para o Concello e que non valía para nada.*

**Señora Gallego Neira**

...única y exclusivamente ese. Ahora, no entendemos por qué eliminan el punto uno, ¿vale? No les abran ustedes la puerta, que no tendrán las llaves, o sí...yo no lo sé, porque también pusieron seguridad una temporada y la volvieron a poner cuando cerraron. Bueno, la gestión que han hecho a día de hoy es, aparte de todo lo que han dejado hacer a Proxecto Cárcere a dedo, con respecto al Estado la única gestión que hicieron es que el Estado dejó de pagar el IBI, que el Estado dejó de pagar el mantenimiento, que el Estado dejó de pagar la seguridad de la Cárcel, el resto...esa es su gestión, un convenio totalmente lesivo para el Ayuntamiento y que no valía para nada.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Señora Delso.

***Presidencia***

*Moitas grazas.*

*Señora Delso.*

**Señora Delso Carreira**

***Señora Delso Carreira***

Boa tarde. Ben, señora Veira, nesta moción pídenos o que xa estamos facendo. *Ben,* como comprenderá non vou entrar a valorar algunhas afirmacións que se fan na parte expositiva, non estando de acordo e non sendo certas moitas das cousas que se din coido que é máis construtivo falar do fondo, desa recuperación no antigo Cárcere Provincial para a cidade no que creo que, ademais, concordamos e, ou, canto menos, tamén creo que concordamos a maioría deste Pleno.

*Buenas tardes. Bien, señora Veira, en esta moción nos piden lo que ya estamos haciendo. Bueno, como comprenderá no voy a entrar a valorar algunas afirmaciones que se hacen en la parte expositiva, no estando de acuerdo y no siendo ciertas muchas de las cosas que se dicen creo que es más constructivo hablar del fondo, de esa recuperación en la antigua Cárcel Provincial para la ciudad en la que creo que, además, concordamos y, o, cuanto menos, también creo que concordamos la mayoría de este Pleno.*

Este Goberno apostou dende o primeiro día por recuperar o edificio e por iso abrimos negociacións co SIEP. Sorprende, señora Longueira, escoitala, parecera que non goberna o seu partido o Estado e que o SIEP, o titular do edificio, non depende neste momento do Partido Socialista. En fin...hay que poñer en valor e que facer autocrítica, claro, pero tamén hai que poñer en valor o feito e o feito e o certo é que foi este Goberno municipal o que abriu o Cárcere. Foi este Goberno municipal o que chegou a un acordo co titular do edificio, co SIEP, e este Goberno municipal o que detectou en que estado real se atopaba o edificio. Efectivamente o edificio ten un estado de deterioro moitísimo maior do agardado e iso é debido aos moitísimos anos de desatención e de esquecemento por parte de anteriores gobernos e de anteriores administracións, e isto creo que cómpre lembralo moi especialmente e continuamente nese asunto hai que dicir e hai que destacar que os técnicos municipais tiveron coñecemento do estado do edificio cando puideron entrar no inmoble e puideron entrar no inmoble grazas ao acordo que este Goberno acadou con Institucións Penitenciarias. Agora si temos ben rexistrada a situación do

*Este Gobierno apostó desde el primer día por recuperar el edificio y por eso abrimos negociaciones con el SIEP. Sorprende, señora Longueira, escucharla, pareciese que no gobierna su partido el Estado y que el SIEP, el titular del edificio, no depende en este momento del Partido Socialista. En fin... hay que poner en valor y que hacer autocrítica, claro, pero también hay que poner en valor el hecho y el hecho y lo cierto es que fue este Gobierno municipal el que abrió la Cárcel. Fue este Gobierno municipal el que llegó a un acuerdo con el titular del edificio, con el SIEP, y este Gobierno municipal el que detectó en qué estado real se encontraba el edificio. Efectivamente el edificio tiene un estado de deterioro muchísimo mayor de lo esperado y eso es debido a los muchísimos años de desatención y de olvido por parte de anteriores gobiernos y de anteriores administraciones, y esto creo que hace falta recordarlo muy especialmente y continuamente en ese asunto hay que decir y hay que destacar que los técnicos municipales tuvieron conocimiento del estado del edificio cuando pudieron entrar en el inmueble y pudieron entrar en el inmueble gracias al acuerdo que este Gobierno consiguió con Instituciones*

inmoble e estamos a solicitarlle ao SIEP que cumpra, evidentemente, coas súas obrigas.

*Penitenciarias. Ahora sí tenemos bien registrada la situación del inmueble y estamos solicitándole al SIEP que cumpla, evidentemente, con sus deberes.*

Vostede me falaba de que precisaba que lle acreditase as negociacións co SIEP. Ben, pois vou explicarlle as negociacións que ten feito este Goberno non só nestes catro anos que, como sabe, pois fixemos ese convenio senón especialmente nos últimos meses. Antes de renunciar a esa prórroga do anterior convenio, un convenio que nos imposibilitaba poder seguir intervindo no edificio e que nos mantiña de mans atadas, nos imposibilitaba abrir ese espazo, continuar con esa apertura á cidadanía, o Goberno local fíxolle dúas propostas ao SIEP, dúas propostas dirixidas única e exclusivamente a outorgar ao Concello a capacidade necesaria para poder actuar no edificio. A primeira proposta propuña ceder ao Goberno municipal a titularidade do edificio á espera dese fallo xudicial. Efectivamente estamos falando dun equipamento que non é titularidade do Concello da Coruña neste momento, que é titularidade do Estado, que é titularidade do SIEP e que ademais, efectivamente, arrastra un litixio xudicial dende fai anos...

*Usted me hablaba de que precisaba que le acreditara las negociaciones con el SIEP. Bien, pues le voy a explicar las negociaciones que ha hecho este Gobierno no solo en estos cuatro años que, como sabe, pues hicimos ese convenio sino especialmente en los últimos meses. Antes de renunciar a esa prórroga del anterior convenio, un convenio que nos imposibilitaba poder seguir interviniendo en el edificio y que nos mantenía de manos atadas, nos imposibilitaba abrir ese espacio, continuar con esa apertura a la ciudadanía, el Gobierno local hizo dos propuestas al SIEP, dos propuestas dirigidas única y exclusivamente a otorgar al Ayuntamiento la capacidad necesaria para poder actuar en el edificio. La primera propuesta proponía ceder al Gobierno municipal la titularidad del edificio a la espera de ese fallo judicial. Efectivamente estamos hablando de un equipamiento que no es titularidad del Ayuntamiento de A Coruña en este momento, que es titularidad del Estado, que es titularidad del SIEP y que además, efectivamente, arrastra un litigio judicial desde hace años...*

**<u>Presidencia</u>**

Vaia rematando, señora Delso, por favor.

***<u>Presidencia</u>***

*Vaya finalizando, señora Delso, por favor.*

**<u>Señora Delso Carreira</u>**

...ben.

A segunda proposta que lle fixemos ao SIEP era a cesión de usos indefinida.

***<u>Señora Delso Carreira</u>***

*...bien.*

*La segunda propuesta que hicimos al SIEP era la cesión de usos indefinida.*

Ningunha destas opcións acadouse.

Nós continuaremos e continuamos en conversas coa Dirección do SIEP. Seguimos e seguiremos demandando o mantemento do edificio para evitar o seu deterioro. A nosa folla de ruta é clara e pasa por seguir loitando para que a administración local obteña, finalmente, a titularidade do edificio e que mentres isto non ocorra o SIEP asuma todas as súas responsabilidades. Grazas.

*Ninguna de estas opciones se consiguió.*

*Nosotros continuaremos y continuamos en conversaciones con la Dirección del SIEP. Seguimos y seguiremos demandando el mantenimiento del edificio para evitar su deterioro. Nuestra hoja de ruta es clara y pasa por seguir luchando para que la administración local obtenga, finalmente, la titularidad del edificio y que mientras esto no ocurra el SIEP asuma todas sus responsabilidades. Gracias.*

**Presidencia**

Moi ben, moitas grazas. Procedemos, xa que logo, á votación, en primeiro lugar da emenda presentada pola Marea Atlántica. No caso de ser aprobado o texto con esta emenda pois este sería o texto finalmente aprobado.

***Presidencia***

*Muy bien, muchas gracias. Procedemos, por tanto, a la votación, en primer lugar de la enmienda presentada por la Marea Atlántica. En caso de ser aprobado el texto con esta enmienda pues este sería el texto finalmente aprobado.*

**Votación da emenda do Grupo Municipal de Marea Atlántica á segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a emenda do Grupo Municipal de Marea Atlántica á moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego **sobre o edificio do Cárcere Provincial da Coruña,** producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 votos).

***Votación de la enmienda del Grupo Municipal de Marea Atlántica a la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego***

*Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la enmienda del Grupo Municipal de Marea Atlántica a la moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Gallego* ***sobre el edificio de la Cárcel Provincial de A Coruña****, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 votos).*

*Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 votos).*

Vota en contra o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego/Asembleas Abertas (BNG-AA) (1 voto).

*Vota en contra el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego/Asembleas Abertas (BNG- AA) (1 voto).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi ben, pois agora votamos a moción tal e como foi presentada pola señora Veira.

*Muy bien, pues ahora votamos la moción tal y como fue presentada por la señora Veira.*

**Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego***

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego **sobre o edificio do Cárcere Provincial da Coruña,** producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Gallego* ***sobre el edificio de la Cárcel Provincial de A Coruña,*** *produciéndose el siguiente resultado:*

Abstense o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 abstencións).

*Se abstiene el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (10 abstenciones).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (5 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego/Asembleas Abertas (BNG-AA) (1 voto).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego/Asembleas Abertas (BNG- AA) (1 voto).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Queda aprobada a moción.

*Queda aprobada la moción.*

**46.- Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o edificio do Cárcere Provincial da Coruña**

***46.- Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el edificio de la Cárcel Provincial de A Coruña***

**Acordo**

- Instar o Goberno municipal a facilitar aos integrantes de Proxecto Cárcere, mantendo a seguridade necesaria, entrar nas instalacións do edificio do antigo Cárcere Provincial co obxecto de poder retirar todas aquelas súas pertenzas que aínda permanezan dentro do edificio.

- Instar o Goberno municipal a realizar as negociacións políticas necesarias coa Administración do Estado que posibiliten a transferencia á titularidade municipal do edificio do antigo Cárcere Provincial garantindo a restitución ao patrimonio público do Concello da Coruña das instalacións rehabilitadas e reformadas ou, no seu defecto, cos fondos necesarios para poder realizar estas obras de rehabilitación e reforma integral.

- Instar á Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios (SIEP) a que mentres non se realice esta cesión se realicen todas e cantas obras de mantemento e acondicionamento sexan necesarias para que non se sega a producir un deterioro progresivo das instalacións, velando e inspeccionando os servizos municipais correspondentes porque estas actuacións se realicen, e actuar, de acordo as ordenanzas municipais e procedendo a abrir os expedientes sancionadores que procedesen, se estas non se produciren.

- Garantir, toda vez que as instalacións do antigo Cárcere Provincial sexan restituídas ao patrimonio municipal, que sexa habilitado para usos de carácter social e cultural aberto ao conxunto da veciñanza da Coruña, entre os que destacarían espazos destinados á mocidade e tamén á

***Acuerdo***

*- Instar al Gobierno municipal a facilitar a los integrantes de Proxecto Cárcere, manteniendo la seguridad necesaria, entrar en las instalaciones del edificio de la antigua Cárcel Provincial con el objeto de poder retirar todas sus pertenencias que aún permanezcan dentro del edificio.*

*- Instar al Gobierno municipal a realizar las negociaciones políticas necesarias con la Administración del Estado que posibiliten la transferencia a la titularidad municipal del edificio de la antigua Cárcel Provincial garantizando la restitución al patrimonio público del Ayuntamiento de A Coruña de las instalaciones rehabilitadas y reformadas o, en su defecto, con los fondos necesarios para poder realizar estas obras de rehabilitación y reforma integral.*

*- Instar a la Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios (SIEP) a que mientras no se realice esta cesión se realicen todas y cuantas obras de mantenimiento y acondicionamiento sean necesarias para que no se siga produciendo un deterioro progresivo de las instalaciones, velando e inspeccionando los servicios municipales correspondientes porque estas actuaciones se realicen, y actuar, de acuerdo a las ordenanzas municipales y procediendo a abrir los expedientes sancionadores que procedieran, si estas no se produjesen.*

*- Garantizar, toda vez que las instalaciones de la antigua Cárcel Provincial sean restituidas al patrimonio municipal, que sea habilitada para usos de carácter social y cultural abierta al conjunto de la vecindad de A Coruña, entre los que destacarían espacios*

memoria histórica, especialmente vencellada coa historia do propio cárcere.

*destinados a la juventud y también a la memoria histórica, especialmente vinculada con la historia de la propia cárcel.*

**Presidencia**

*Presidencia*

Moi ben, creo que podemos facer nestes momentos un receso de dez minutos para continuar á volta co Pleno.

*Muy bien, creo que podemos hacer en estos momentos un receso de diez minutos para continuar a la vuelta con el Pleno.*

**Ás dezanove horas e dezanove minutos o alcalde resolve facer un receso, retomándose a sesión ás dezanove horas e trinta e nove minutos.**

***A las diecinueve horas y diecinueve minutos el alcalde resuelve hacer un receso, retomándose la sesión a las diecinueve horas y treinta y nueve minutos.***

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

*MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA*

**Primeira.- Moción relativa á toma de medidas para activar medidas urxentes contra o repuntamento de venda e consumo de estupefacientes na Coruña**

***Primera.- Moción relativa a la toma de medidas para activar medidas urgentes contra el repunte de venta y consumo de estupefacientes en A Coruña***

**Presidencia**

*Presidencia*

Señora Neira?

*¿Señora Neira?*

*Señora Longueira Castro*

**Señora Longueira Castro**

*Perdón, que non estaba atenta.*

Perdón, que no estaba atenta.

**Presidencia**

*Presidencia*

Non, xa vexo... a moción relativa á toma de medidas para activar medidas urxentes contra o repuntamento de venda e consumo de estupefacientes na Coruña.

*No, ya veo... la moción relativa a la toma de medidas para activar medidas urgentes contra el repunte de venta y consumo de estupefacientes en A Coruña.*

**Señora Longueira Castro**

*Señora Longueira Castro*

Perdón, pensei que continuabamos coas preguntas do Bloque, si?

*Perdón, pensé que continuábamos con las preguntas del Bloque, ¿sí?*

**Presidencia**

*Presidencia*

Non, non, o Bloque xa rematou.

*No, no, el Bloque ya finalizó.*

***<u>Señora Longueira Castro</u>***

*O Grupo Municipal Socialista, debido á situación de venda e consumo ascendente de estupefacientes en diferentes barrios da cidade, ao xurdimento de consumo de drogas de alta degradación como a heroína e ao esparexemento da venda de drogas en diferentes barrios periféricos da Coruña presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno:*

*1. Solicitar o alcalde Ferreiro que prepare un plan de choque para incidir sobre a vixilancia e sanción de venda de estupefacientes nos diferentes barrios periféricos da cidade.*

*2. Solicitar o alcalde Ferreiro que apoie ás entidades de loita contra o consumo de drogas con máis profesionais especializados para terapias contra o consumo de drogas e abandono das mesmas.*

*3. Solicitar o alcalde Ferreiro que poña en marcha, con ACLAD, o autobús de subministración de metadona, moi necesario tanto para quen trata de desafectarse do consumo de drogas como para aqueles programas de redución do dano.*

*4. Solicitar o alcalde Ferreiro que elabore para o próximo mes de setembro un programa escolar contra o consumo de drogas adaptado o deseño curricular de cada nivel educativo.*

*5. Solicitar o alcalde Ferreiro que subscriba un pacto de acción con diferentes sectores da cidade para iniciar unha campaña de abandono do consumo*

**<u>Señora Longueira Castro</u>**

El Grupo Municipal Socialista, debido a la situación de venta y consumo ascendente de estupefacientes en diferentes barrios de la ciudad, al repunte de consumo de drogas de alta degradación como la heroína y al esparcimiento de la venta de drogas en diferentes barrios periféricos de A Coruña presenta la siguiente moción para su debate en Pleno:

1. Solicitar al alcalde Ferreiro que prepare un plan de choque para incidir sobre la vigilancia y sanción de venta de estupefacientes en los diferentes barrios periféricos de la ciudad.

2. Solicitar al alcalde Ferreiro que apoye a las entidades de lucha contra el consumo de drogas con más profesionales especializados para terapias contra el consumo de drogas y abandono de las mismas.

3. Solicitar al alcalde Ferreiro que ponga en marcha, con ACLAD, el autobús de suministro de metadona, muy necesario tanto para quienes tratan de desafectarse del consumo de drogas como para aquellos programas de reducción del daño.

4. Solicitar al alcalde Ferreiro que elabore para el próximo mes de septiembre un programa escolar contra el consumo de drogas adaptado el diseño curricular de cada nivel educativo.

5. Solicitar al alcalde Ferreiro que suscriba un pacto de acción con diferentes sectores de la ciudad para iniciar una campaña de abandono del consumo de drogas.

*de drogas.*

**Presidencia**

Moi ben, pode proceder á defensa da moción, señora Longueira.

***Señora Longueira Castro***

*Grazas e perdón polo descoido.*

*Esta moción vencellada en maior ou menor medida, evidentemente, con parte das alegacións que se fixeron ao modificativo, vén falar dun problema que volveu a xurdir nesta cidade e que leva, evidentemente, unha situación bastante tráxica, tanto para os que ven afectados como para a súa contorna en xeral e é o repuntamento no consumo de heroína e de venda, por suposto, de drogas e heroína en particular, en diferentes barrios da cidade. Ese repuntamento está contrastado non só polas denuncias de veciños senón tamén por conversas mantidas co Corpo Nacional de Policía.*

**Ás dezanove horas e corenta minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.**

*A isto, ademais, sumamos hai pouco o dano que se fixo unha persoa cravándose unha xiringa nunha caída nun dos barrios da cidade e, ben é certo que se nun momento este problema estaba focalizado e evidentemente era tamén un coto onde sabiamos que alí ocorría todo como era no caso de Penamoa, hoxe en día o feito de ser desactivado o poboado chabolista pero non a venda de drogas porque iso entra dentro doutro tipo de medidas, sabemos que é moito máis difícil e moito máis laborioso o ter unha acción, unha política de acción sobre estas actividades.*

***Presidencia***

